



Expediente núm. 2022/E001/000026
2023/G003/002267

DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DETERMINACIÓN DO LUGAR, DÍA E HORA DO COMEZO DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA (1) PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA (OEP-E 2022) ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

ANTECEDENTES

- Mediante o Decreto núm. 1655/2022, do 30 de novembro, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobou as bases xerais reguladora das convocatorias e dos procesos selectivos para a cobertura mediante persoal laboral fixo, das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez de 2022 (OEP-E 2022) para a estabilización do emprego temporal, segundo a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

O texto íntegro das ditas bases publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm. 231, do 07/12/2022.

- Mediante o Decreto núm. 1794/2022, do 19 de decembro, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, convocou o proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de oficial de primeira, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo C2. A dita praza foi incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022.

A través da citada resolución tamén se aprobaron as bases que rexerán a convocatoria.

- A convocatoria e as súas bases publicáronse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm.241, do 22/12/2022.

O anuncio da convocatoria publicouse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 246, do 28/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 312, do 29/12/2022.

- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 27/01/2023.
- Mediante Decreto 659/2023 do 24/03/2023 aprobouse a relación provisional do persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de oficial de primeira, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo C2.

A dita relación publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm. 62, do 30/03/2023.

- O prazo para presentar as emendas ou reclamacións rematou o 17/04/2023. Durante o dito prazo presentáronse as emendas ou reclamacións seguintes:

- Rubén Viñas Mallo presenta escrito no que achega a declaración responsable da base 5.2a) e a relación de méritos segundo o modelo do Anexo I, polo que emenda as causas de exclusión e procede incluílo na relación definitiva de persoas admitidas. Achega, tamén, certificado dos servizos prestados na Administración Pública que alega no apartado 6.2.1a.2) para a súa valoración na fase de concurso, de ser o caso.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- A base número 5.2 das bases xerais reguladoras da convocatoria e os procesos selectivos establece que transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a concelleira-delegada ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar do comezo do procedemento de selección. Tamén se indicará que persoas están exentas de realizar a proba de lingua galega. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes de García Rodríguez (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion>) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

A publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

- A base número 6 das bases xerais reguladoras da convocatoria e os procesos selectivos regula os aspectos relativos á designación do tribunal (comisión de valoración) e ao seu funcionamento.
- De conformidade co establecido no artigo 21.1 g) e h) da LBRL, a aprobación das bases, a convocatoria dos procesos selectivos, así como as resolucións que deban ditarse en desenvolvemento dos mesmos corresponden ao Alcalde. No entanto, a dita competencia foi delegada en virtude da Resolución da Alcaldía núm. 1529/2023, do 05 de xullo (BOP núm. xxx do xx/07/2023) no concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos.

Á vista dos citados antecedentes e fundamentos legais, RESOLVO:

- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de oficial de primeira, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo C2, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 3 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Guerreiro Castro, Jesús	***4772**	Sí	
2	Viñas Mayo, Rubén	***9158**	Si	- Aporta documentación acreditativa de experiencia profesional e de cursos de formación que non indica na relación de méritos (Anexo I)

As persoas aspirantes en posesión do Celga 3 (ou equivalente), están exentas de realizar a proba de galego a que se refire a base sétima das bases específicas do proceso selectivo.

b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

- O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles reconeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MRV

- 3º) Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou laboral fixo deste concello, para integrar o órgano de selección na condición que en cada caso se indica:
- Presidencia:
Titular: José Cabaleiro Franco, funcionario de Agrupacións Profesionais (antigo grupo E)
Suplente: Richard González Alonso, funcionario do subgrupo C1
 - Vogalías:
1.ª):
Titular: Anselmo Pellón Augusto, funcionario do subgrupo C1
Suplente: Carlos Teijeiro Paz, funcionario do subgrupo C1
2.ª):
Titular: Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)
Suplente: Eva Bergantiños Pérez, persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A1)
3.ª):
Titular: Guadalupe Rouco Alonso, funcionaria do subgrupo C1
Suplente: Otilia Pena Penabad, persoal laboral fixo (asimilada ao subgrupo C2)
 - Secretaría:
Titular: Sanda López Rodríguez, funcionaria do subgrupo C1
Suplente: Beatriz Domínguez Ferreiro, funcionaria do subgrupo C1
 - Asesora para a proba de galego: María Flora Vázquez Alonso, oficial administrativa e de asesoramento lingüístico.
- 4º) Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:
- a) Día: 7 de novembro de 2023
 - b) Lugar: Casa do Concello
 - c) Constitución do tribunal: 09:00 horas
 - d) Valoración da fase de concurso: 9:30 horas
 - e) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados
- 5º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico) e na páxina web municipal, tal e como dispoñen as bases da convocatoria.
- 6º) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe consignada

O concelleiro-delegado de Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román